

Horta ecolóxica do instituto.

Este ano puxemos en marcha no instituto unha horta ecolóxica, aproveitando o espazo que hai entre o pavillón e a valla posterior do recinto.

O noso obxectivo foi e é, promover nos rapaces/as a adquisición de hábitos de vida saudables, poñer en práctica actitudes de coidado e responsabilidade ambiental e achegarlles coñecementos sobre diferentes formas de cultivo, os seus coidados, a ecoloxía da horta...



Para a súa posta en marcha fixéronse diferentes labores de preparación do terreo. Limpouse con coidado e se recolleron mostras, que foron analizadas no laboratorio de bioloxía do instituto, para determinar a súa composición e detectar posibles deficiencias en macronutrientes. Deste xeito poderíamos decidir que cultivos podían ser máis axeitados en función do seu estado nutricional.



Posteriormente montáronse uns bancais onde se plantarían os diferentes cultivos, un sistema de rego e un composteiro. Nel, compostamos todo tipo de materiais orgánicos (restos vexetais, restos de merendas...) para obter substrato para a nosa horta.



Con todo esto en marcha finalmente podemos comezar a plantar. Cebolas, leitugas e tomates foron os cultivos inaugurais. Esperemos que vos gusten!

